

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), CONCELLO DE OURENSE E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA (ENERGYLAB), PARA A ELABORACIÓN DO ANTEPROXECTO ECOURENSE – PROXECTO INTEGRAL DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CONCELLO DE OURENSE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou co Concello de Ourense e A Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (ENERGYLAB) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21/06/2017 ata o 21/11/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización dun estudo que sirva para realizar o proxecto EcOurense, consistente na realización dun proxecto integral de referencia a nivel europeo relacionado ca eficiencia enerxética a sustentabilidade medioambiental e a descarbonización a nivel de barrio no ámbito urbano do Concello de Ourense (barrio de A Ponte), que supoña unha redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro xeradas pola actividade propia do barrio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de xullo de 2017.

Asinado dixitalmente.

